

SEMANA BRANCA EN GRAND VALIRA



No mes de xaneiro, como vén sendo habitual dende hai moitos anos, 56 alumnos e alumnas do IES de Curtis gozaron en Andorra dunha semana de esquí na estación de Grand Valira. O tempo estivo soleado con algunha nevada polas noites, o que permitiu aproveitar a estación cunha neve en perfectas condicións.

Realizaron tamén outras actividades como a patinaxe no xeo e a visitas ao centro termal de Caldea. Na viaxe estiveron acompañados por María, a súa profesora de Educación Física, Eliseo e Xosé Antón.

Moito bus, risas e compañeirismo no hotel e nas pistas. Unha semana tan inesquecible que algún non quería volver!

PERCORRIDO ARTÍSTICO POR MADRID PARA AS ESTUDANTES DE HISTORIA DA ARTE



As alumnas de Historia da Arte viaxamos a Madrid en xaneiro. Tres días maratonianos nos que repasamos todo o programa de Selectividade. Visitamos: o Parque do Retiro e o Palacio de Cristal onde vimos unha exposición de Janet Cardiff & George Bures Miller: El hacedor de marionetas que resultou tremendamente desacougante. As visitas aos museos Reina Sofía, Thyssen-Bornemisza e Prado realizámolas sempre guiadas por especialistas. Neste último unha educadora moi



entusiasta explicounos a pintura de Velázquez, Goya e O Greco; visitamos aínda as coleccións de Arte Antiga e Medieval.

A pé percorremos os barrios máis emblemáticos e achegámonos ata o Palacio Real e o Templo de Debod, onde contemplamos unha das postas de sol máis bonitas que vimos nunca e que queremos compartir con vós nesta foto.

A viaxe, malia o tute que nos dá Cristina ou se cadra grazas a el, foi a máis instrutiva que fixemos en toda a estadía no IES.

CONTIDOS:

PÁXINA 1: Semana Branca | Percorrido artístico por Madrid

PÁXINA 2: Encontros literarios con Francisco Castro e Marcos Calveiro | Gañadores de perepetadas do entroido | Outras actividades | A nosa biblioteca | Festival de teatro grecolatino | Comedia de Calderón de la Barca | Master Chef Curtis

PÁXINA 3: Viaxamos a Madrid para asistir a MOTORTEC | Patinamos sobre xeo | Voz Natura | Entroido de medo **PÁXINA**

4: Bicos con lingua e Cinegalicia25 | Visita ao Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña
Gráfica de resultados académicos | Saúda do director

ENCONTRO LITERARIO CON FRANCISCO CASTRO



Os alumnos e alumnas de 1º ESO coñecemos a Francisco Castro, o autor de Chamádeme Simbad. Visitounos en xaneiro e contounos que esta obra ten moitos elementos autobiográficos.

Dixonos que co 10% dos cartos que custa a fichaxe de Ronaldo se poderían pagar todos os tratamentos da hepatitis C, tristemente de actualidade. Tamén afirmou que as profesións de médico e de mestre non teñen o recoñecemento social que deberan. A sesión quedóusenos moi curta e non deu respondido a todas as nosas preguntas, por iso Jesús Cabo e Cristian Morandeira lle fixeron unha entrevista.

ENCONTRO LITERARIO CON MARCOS CALVEIRO



Visitounos Marcos Calveiro, o autor de Palabras de auga, o libro de lectura de 2º de ESO e encargouse da súa presentación José Manuel López Varela.

O autor falounos da súa obra, dos nenos-soldado e da escravitude á que están sometidos os nenos africanos que extraen coltan para que nós poidamos cambiar de teléfono móbil a cada pouca. Afirmou que a literatura infantil e xuvenil galega é, con diferenza, a mellor de España. Tamén nos dixó que el está namorado do seu traballo porque o que máis lle gusta é ler e escribir.



EN LUGO ASISTIMOS AO FESTIVAL DE TEATRO GRECOLATINO

Un ano máis o alumnado de Cultura Clásica, Latín e Grego do IES de Curtis acudiu a Lugo a súa cita habitual co festival de Teatro Grecolatino. Nesta ocasión vimos a traxedia grega Edipo rei de Sófocles e a comedia latina Cistellaria de Plauto. Pola mañá, con Edipo valoramos a intemporalidade desta obra, que retrata a un home que pasa de ser un rei, amante do seu pobo e respectado por el, a un heroe cun destino miserable. Pola tarde, rimos moito coa representación de Cistellaria (A cestiña) e a estupenda interpretación dos actores.

NO ÁGORA ASISTIMOS A UNHA COMEDIA DE CALDERÓN DE LA BARCA

En febreiro, os alumnos e alumnas de 3º da ESO e 1º de bacharelato asistimos no Centro Ágora da Coruña a unha representación teatral de No hay burlas con el amor, unha comedia de Calderón de la Barca, interpretada por Factoría Teatro. Nela o amor, tema principal, enxalzado, vilipendiado, desexado e aborrecido, advirtenos que ninguén está libre de caer abatido polas frechas de Cupido. Gustounos moito e queremos volver ao teatro!

A NOSA BIBLIOTECA



A nosa Biblioteca seguiu medrando neste segundo trimestre, no que as portas se abriron non só para que entrase a diario alumnado e profesorado, senón tamén para facelos partícipes dunha serie de actividades deseñadas para traballar a educación transversal e para dinamizar a fermosa actividade de ler. De xeito paralelo, os nosos esforzos van tamén destinados ao deseño de actividades puntuais, relacionadas coa transversalidade e pensadas para reforzar a competencia lectora e a autonomía dos nosos rapaces.

Como xa é costume, desde este espazo organizáronse actividades destinadas a educar para a Paz, para a Igualdade e para o respecto e aprezo das tradicións (Entroido) e para concienciar a importancia da Muller nos diferentes espazos.

A biblioteca, en colaboración cos departamentos de Linguas, traballa durante a Semana cultural unha serie de filmes relacionados coa literatura e realiza, xa na súa terceira edición, o Obradoiro de Publicidade, destinado aos primeiros cursos da ESO. Neste obradoiro preténdese, entre outros, desenvolver a competencia lectora na sociedade da información, coa lectura de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes e con todo tipo de finalidades e educar ao alumnado no uso crítico da información.

Xa para rematar, os andeis deste espazo veñen de acoller novos títulos que agardan, con inquietude, ser lidos.

PARABÉNS AOS GAÑADORES DE PEPERETADAS DO NOSO ENTROIDO

Daniel Cardesín (1º premio), Laura Astrai, Sara Pardo e Ángela Prado (2º premio), Paula Presedo, Noelia López e Elvira Sánchez (3º premio), Manuel Iglesias Fontecoba e Francisco Sánchez Fandiño (2 accésits).

E os nosos agradementos á ANPA pola súa colaboración humana e económica.

OUTRAS ACTIVIDADES REALIZADAS

- Os perigos da internet e os móbiles, impartida pola Garda Civil para 1º e 2º ESO.
- Oferta de carreiras e estudos dende as Forzas Armadas, impartida por persoal da Marina para 2º bacharelato.
- Oferta de Ciclos Formativos dende as Forzas Armadas, impartida por persoal da Marina para 4º ESO e todo o alumnado de Ciclos Formativos.
- Consumo e tráfico de drogas, impartida pola Garda Civil para 4º ESO, 1º bacharelato e Ciclos Formativos.
- Primeiros auxilios, impartida pola Cruz Vermella para 1º curso de Ciclos Formativos.

ADEMAIS:

- Os alumnos e alumnas de 2º bacharelato visitamos o Arquivo do Reino de Galicia
- Os alumnos e alumnas de 1º e 2º bacharelato visitamos as instalacións de Coca Cola
- Os alumnos e alumnas de 4º ESO e 2º Electricidade coñecemos ENDESA.

MÁSTER CHEF, CURTIS!

Parabéns a Mención Corral Ares, Andrea Juncal Mosquera, Tamara Cao López, Alicia Seoane Freire, Ainhoa Vázquez Sánchez, Brenda Pérez Rodríguez e Elena Penas Seoane de 3º ESO; e a Angelina Correia Seoane, Mario García Paredes, Raúl González González, Diego Novo Vigo de 1º ESO A, pola calidade dos vídeos presentados ao I Certame de Vídeos Máster Chef, celebrado con motivo do Entroido. Claro que contaron coa axuda inestimable dun auténtico experto (e esperto): Vinicius Cámara de Souza Silva!

Se isto puideron facelo sen formación, cando asistan ao Obradoiro de Iniciación Audiovisual que lles impartirán na Semana Cultural Ángel Seoane e Óscar Cajide... Dereitiños a Cans!!

VIAXAMOS A MADRID PARA ASISTIR A MOTORTEC



En marzo, o alumnado de Automoción, FP Básica e Administrativo acudimos ao recinto feiral de IFEMA en Madrid para visitar MOTORTEC, unha Feira Internacional Líder para a industria da Automoción en España, dirixida a profesionais da Península, América Latina e Norte de África. Nela participan preto de 500 empresas punteiras: de compoñentes, equipos e servizos para a Automoción (de Mecánica e Recambios, Accesorios e

Tuning, Reparación e Mantemento, IT e Xestión, Estacións de Servizo e Car Wash). En definitiva, unha cita obrigada para os profesionais deste ámbito. Á saída houbo aínda tempo para facer un percorrido turístico en autobús pola capital. Grazas, Esteban, fuches un magnífico guía; e grazas aos profes acompañantes: Diego, Rebón, Isa, Eliseo, Juanjo e Begoña. Malia o cansazo de facer toda a viaxe de ida e volta nun só día, pagou a pena!

PATINAMOS SOBRE XEO



A patinaxe sobre xeo foi moi divertida e, malia as caídas, non houbo danos considerables.

VOZ NATURA



Chegou a primavera e os nosos xardineiros e xardineiras de 1º e 2º da ESO, dentro das actividades do Voz Natura ao que o noso centro está acollido, limpan, podan, cortan e plantan.

E pasamos un Entroido de medo!!



AMPLIADO O PRAZO DO II CONCURSO DE GALCAMISETAS

Amplíase ata o 17 de abril o prazo de entrega de deseños para o II concurso de Galcamisetas. Consulta as bases en <http://sondenoso.blogspot.com.es/>

II CERTAME ANUAL DE BLOGS

En abril convocarase o II Certame escolar de blogs do IES de Curtis. Consulta as bases en Son de noso e participa!

BICOS CON LINGUA E CINEGALICIA25



Os alumnos e alumnas de 2º, 3º e 4º ESO asistimos no Salón Teatro a Bicos con lingua, unha representación da compañía Talía Teatro, na que en clave de humor se fai unha reflexión sobre a situación actual do galego.




Á saída, visitamos na Cidade da Cultura Cinegalicia25, a exposición que conmemora o vixésimo quinto aniversario da estrea das tres primeiras longametraxes galegas de ficción: Sempre Xonxa de Chano Piñeiro, Continental de Xavier Villaverde e Urxa Carlos A.L. Piñeiro e Alfredo García Pinal.

VISITAMOS O MUSEO ARQUEOLÓXICO E HISTÓRICO DA CORUÑA



Os alumnos de 1º ESO visitamos O MUSEO ARQUEOLÓXICO E HISTÓRICO Castelo de San Antón, na Coruña, onde, guiados polos monitores, fixemos un percorrido polas salas onde se mostran importantes achádegos da prehistoria de Galicia, e tamén participamos nun pequeno obradoiro sobre a evolución dos útiles prehistóricos, dende o Paleolítico ata a Idade dos Metais.

RESULTADOS SEGUNDA AVALIACIÓN



As actividades culturais son un distintivo do noso centro e, como amosa este boletín, sucédense ao longo do curso. Pero é agora, antes de iniciarmos a recta final, cando todos os esforzos converxen na preparación da Semana Cultural.

Esta XXII edición, na que haberá un peso importante do audiovisual, conta tamén con moitas caras coñecidas: Francisco Caamaño, ex ministro de xustiza; Enrique Banet, Xurxo Souto, Patricia Vázquez, Sabela Arán, Vicente Feijoo, Gonzalo Álvarez Jurado, Nani Matos ou Ángel Seoane, son algúns dos especialistas que en máis de 20 sesións achegarán ao alumnado unha visión diferente dos temas abordados nas aulas.

Dende aquí quero transmitirilles, no meu nome e no de toda a Comunidade Educativa, a gratitude por contribuír altruísticamente a complementar a formación dos rapaces e rapazas do IES de Curtis. O meu agradecemento tamén para a ANPA e para os concellos de Curtis, Mesía, Sobrado e Vilasantar pola súa contribución económica; así como para o conxunto de profesores e profesoras que puxeron ao servizo da escola pública o seu tempo e os seus coñecementos.

Juan Carlos Fandiño
Director do IES de Curtis

DIRECTOR
Juan Carlos Fandiño da Torre

VICEDIRECTORA
Paula Ugarte Fernández

XEFA DE ESTUDOS
Yolanda Suárez Martínez

SECRETARIO
José Antonio Paz López

ORIENTADORA
María Jesús Pantín Ruíz

IES DE CURTIS

Rúa Xermán de Castro s/n
15310 Curtis (A Coruña)
Tlf/Fax 981786100/981786298
www.edu.xunta.es/centros/ies
curtis

equipo de normalización lingüística IES de Curtis